

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A “FUNDACIÓN JUANSOÑADOR” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO E DE LECER E TEMPO LIBRE, DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA INFANCIA, ADOLESCENCIA E FAMILIAS NO ANO 2023.

MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten previsto formalizar coa Fundación JuanSoñador o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, a través da concesión directa dunha subvención a favor da Fundación JuanSoñador para o desenvolvemento do Programa socioeducativo e de ocio e tempo libre, de atención integral das persoas menores en situación de risco, desamparo ou exclusión social mediante o cal se lles facilita o adecuado desenvolvemento persoal e social ás persoas menores participantes nas actividades que se desenvolven.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Levar a cabo as seguintes áreas de actuación no marco do programa a desenvolver:

- Atención ao desenvolvemento persoal e social
- Atención escolar
- Atención familiar
- Atención e dinamización do ocio e tempo libre



A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude, e a Fundación JuanSoñador, comprometida institucionalmente coa infancia, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución do benestar dos/as menores en situación de risco ou desamparo, mediante unha perspectiva de educación integral e de enfoque de dereitos, que favoreza o desenvolvemento de todas as capacidades das persoas menores e aportando ferramentas para o cambio persoal e social.

O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

A Consellería de Política Social e Xuventude considera de especial importancia favorecer e dar continuidade a programas como o que se describe, que ven sendo executado desde hai anos pola Fundación JuanSoñador en toda a Comunidade Autónoma ben a través de convenios de colaboración ou ben de forma autónoma con fin de levar a cabo a súa labor social en interese dos menores acollidos no sistema de protección, o que fai que non sexa posible promover a concorrència pública para a concesión dunha subvención para tal fin.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 –en relación co artigo 55 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública, como é o caso.

A Fundación JuanSoñador, na actualidade conta cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento do programa, ademais dunha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos de colaboración.

Considérase polo tanto idónea á Fundación JuanSoñador para a execución de dito programa pola a súa experiencia no ámbito da atención ás persoas menores a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral das persoas menores acollidas ao sistema de protección.

O novo convenio de colaboración terá data de efectos e vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2023.



Para a realización das actuacións obxecto do programa do convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará a contía de 172.281,08 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.0 da Lei 6/2022, do 27 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, na que existe crédito axeitado e suficiente.

Tendo en conta que o importe da subvención é superior a 150.000 euros, ao abeiro do disposto no artigo 40.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os convenios de colaboración que subscriba o sector público autonómico precisarán de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobó José Rey Sastre

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

